



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE XULLO DE 2020

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 19 de xuño de 2020.
2. Aprobar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2020-2021 e delegar na coordinadora do Grao a corrección de erros ou modificacións que procedan.
3. Aprobar as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2020/2021 e delegar na coordinadora académica a corrección de erros ou modificacións que procedan.
4. Aprobar a modificación da meta asociada á duración media dos estudos no Mestrado universitario en avogacía e manter o resto das metas asociadas aos obxectivos de calidade.
5. Aprobar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2018-2019, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2019-2020 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro.
6. Respecto aos Traballos de fin de grao para o curso académico 2020-2021:
  - a) Habilitar un novo prazo no mes de febreiro (2º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Tralaballo de fin de grao e incluílo no calendario académico da Facultade de Dereito e delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que procedan.
  - b) Fixar os prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Tralaballo de fin de grao no curso académico 2020-2021 correspondentes ao 1º, 3º, 4º e 5º prazo.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 15 de xullo de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 16 de xullo de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.